

5. A comisión integrada polos secretarios xerais de todas as consellerías elévalle ao conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza proposta de clasificación como de interese cultural da *Fundación Sondeseu* dado o seu obxecto e finalidade, polo que, véndose cumpridos os requisitos exixidos na Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da lei anterior, de réxime das fundacións de interese galego, e segundo establece o artigo 32.1º e 2º do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, procede a súa clasificación como de interese cultural e a súa adscrición á Consellería de Cultura e Deporte.

#### Fundamentos de dereito.

1. O artigo 34 da Constitución española reconece o dereito de fundación para fins de interese xeral de acordo coa lei e o artigo 27.26º do Estatuto de autonomía para Galicia outórgalle competencia exclusiva sobre o réxime das fundacións de interese galego.

2. De acordo co disposto no artigo 32.2º c) do Decreto 248/1992, do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, correspóndelle a esta consellería a clasificación da fundación e a adscrición á consellería correspondente, quen exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

3. Á vista do que antecede, pódense considerar cumpridas as finalidades tanto legais como regulamentarias establecidas para o caso, de acordo coa proposta realizada pola Comisión de Secretarios Xerais na súa reunión do día vinte de marzo de dous mil seis.

Vista a Constitución española de 1978, o Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril); a Lei 7/1983, do 22 de xuño, e na Lei 11/1991, do 8 de novembro, de reforma da anterior, de réxime das fundacións de interese galego, así como as demais normas de desenvolvemento e de xeral aplicación.

Na súa virtude,

#### DISPOÑO:

Clasificar de interese cultural a *Fundación Sondeseu*, adscribíndoa á Consellería de Cultura e Deporte, que exercerá plenamente o protectorado sobre ela.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2006.

José Luis Méndez Romeu  
Conselleiro de Presidencia,  
Administracións Públicas e Xustiza

*Resolución do 29 de marzo de 2006, da Secretaría Xeral de Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas e subvencións correspondentes aos programas de apoio infraestrutural ás comunidades galegas no exterior para o exercicio 2006.*

Tras a publicación do Decreto 211/2005, do 3 de agosto, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, e o Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia, a Secretaría Xeral de Emigración configúrase como o órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de desenvolvemento da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude e as relacións coas comunidades galegas no exterior, así como a xestión de todos os procedementos que desas materias se deriven.

Así mesmo, a disposición adicional segunda do Decreto 44/2006, do 2 de marzo, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia desconcentra no secretario xeral de Emigración a competencia para a aprobación das bases, a convocatoria e a resolución das axudas e subvencións do seu respectivo ámbito de competencia.

En execución da Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, procede, a través desta resolución, establecer o marco normativo para o que se deberán de axustar no exercicio de 2006 as axudas e subvencións que posibiliten ás comunidades galegas a adquisición, actualización, adaptación e modernización das súas infraestruturas e locais, co fin de optimizar a prestación de servizos asistenciais, sanitarios, sociais, culturais, deportivos, etc. que estatutariamente lles son propios.

Esta resolución abrangue as bases reguladoras e a convocatoria anual das axudas e subvencións ás entidades galegas no exterior a través dos programas para a rehabilitación de instalacións e promoción de novos proxectos, mellora de dotacións e equipamentos e acondicionamento e dotación e/ou renovación de fondos de bibliotecas.

O procedemento de concesión das axudas e subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva, mediante a comparación das solicitudes presentadas co fin de establecer una prelación entre estas, de acordo cos criterios de valoración que se establecen e coas disponibilidades orzamentarias existentes, respectando os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, aos que se deben de axustar a xestión das subvencións e axudas outorgadas polas administracións públicas.

En virtude do exposto, de conformidade co disposto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime das axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e a normativa que a desenvolve, logo de informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada deste órgano,

**DISPÕÑO:**

Capítulo I

Axudas e subvencións

Sección primeira

Programa 5. Axudas a entidades asociativas de emigrantes galegos no exterior para a rehabilitación de instalacións e para a promoción de novos proxectos

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto deste programa é contribuír á mellora das instalacións das comunidades galegas no exterior, mediante a concesión de axudas destinadas ao financiamento, en todo ou en parte, dos investimentos que estas realicen en obras de rehabilitación ou para a promoción de novos proxectos, preferentemente de carácter asistencial, durante o exercicio de 2006.

Artigo 2º.-Finalidade das axudas.

De acordo co obxecto, a finalidade destas subvencións é a seguinte:

1. Prestar axuda aos investimentos que realicen as comunidades galegas que posúan instalacións físicas propias para o seu necesario mantemento ou rehabilitación.

2. Prestar axuda ás entidades que carezan de instalacións físicas propias e non teñan posibilidade de afrontar a súa adquisición, pero que necesiten realizar obras imprescindibles de adecuación nos locais que ocupan.

3. Prestar axuda á promoción de novos proxectos, preferentemente de carácter asistencial ou de asistencia social, tales como residencias, centros hospitalarios, centros de día, novos servizos, etc., que sexan promovidos polas entidades galegas do exterior nos seus lugares de asentamento para a atención dos seus asociados.

4. Prestar axuda ás entidades galegas que atenden especificamente os maiores, para que poidan acondicionar locais dentro das súas instalacións, co obxectivo de habilitar fogares diúrnos, con servizo de cafetería.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a súa condición de centro colaborador.

Artigo 4º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexo I desta resolución e poderán ir acompañadas de follas adicionais para o desenvolvemento dos puntos que se consideren necesarios. Ademais, necesariamente, deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Proxecto ou memoria descritiva das obras que se van realizar, onde figure, ademais, a xustificación dos puntos recollidos nas distintas alíneas do artigo 5 desta resolución, en canto á súa incidencia nos servizos que as entidades solicitantes veñen prestando á comunidade.

b) Orzamento ou orzamentos detallados do custo das obras para as que se solicita a axuda, realizados pola empresa/as ás que se lles ten previsto encargar a realización das obras.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros deberanse achegar tres orzamentos de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado número dabondo de entidades que o subministren ou presten ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

Ademais, no suposto de que a elección entre as ofertas presentadas non recaia na proposta económica máis vantaxosa deberase achegar unha memoria que xustifique tal decisión.

c) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para o mesmo proxecto para o que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas competentes, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

d) De solicitar o pagamento por transferencia, certificación da entidade bancaria na que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose achegada con anterioridade ou se producise algún cambio.

e) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, Cadastro, ...) sempre que non fose achegado con anterioridade.

Todas as solicitudes poderán ir acompañadas de calquera outra documentación complementaria que se considere adecuada para unha mellor valoración (planos, informes, memorias económicas anuais da entidade, fotografías, etc.).

Artigo 5º.-Criterios de valoración.

A Secretaría Xeral de Emigración avaliará as solicitudes presentadas en función dos seguintes criterios de valoración e gradación de acordo coa orde de prioridades que se indica:

1. Na valoración de necesidades das actuacións propostas consideraranse prioritarios os proxectos

presentados que teñan como finalidade xustificada a integración institucional ou funcional de medios entre distintas comunidades galegas a favor dunha mellor atención do conxunto dos galegos da súa área, evitando a dispersión de medios e recursos na prestación de servizos á comunidade.

2. Os servizos destinados pola entidade galega a asociados e emigrantes galegos en xeral durante os tres últimos exercicios en función da súa natureza socio-asistencial, de integración da xuventude, cultural e asociativa, por esta orde.

3. Finalidade social da acción e número previsto de beneficiarios en relación co orzamento total que supón a actuación de rehabilitación ou o novo proxecto que se promove.

4. Situación xurídica das instalacións, locais ou edificios en que se vai realizar o investimento, atendendo ao réxime de utilización polas entidades, como propietarios ou arrendatarios.

#### Artigo 6º.-Xustificación e pagamento.

1. A acción subvencionada deberá ser executada durante o ano 2006.

2. Previamente ao pagamento do importe da subvención concedida, as entidades beneficiarias de axudas deberán remitirle á Secretaría Xeral de Emigración, antes do remate do exercicio orzamentario, a seguinte documentación xustificativa:

a) Certificación do secretario da entidade beneficiaria, co visto e prace do seu presidente, na que conste a descrición das obras realizadas en execución do proxecto para o que se concedeu a subvención -mellora, conservación, acondicionamento de instalacións, promoción de novos proxectos, etc., o importe investido na moeda do país no que estea situada a entidade, así como a súa equivalencia en euros, se é o caso.

b) Factura ou facturas acreditativas dos gastos subvencionables e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estas facturas deberán presentarse ben en documento orixinal ou ben en fotocopia debidamente compulsada.

A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

Deberá achegar unha relación de todas as facturas, asinada polo secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, sinalando para cada unha delas a finalidade correspondente.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas -tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución- para o mesmo

proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3. Para as entidades radicadas en España, a presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2006. O resto de entidades galegas no exterior quedan exentas de achegar as devanditas certificacións, de conformidade co disposto no artigo 41.1º j) da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 250, do 30 de decembro).

4. Unha vez resolto o expediente, poderanse efectuar pagamentos parciais ou ben autorizarse anticipos de pagamentos ata a contía máxima prevista no artigo 29.5º da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, e para subvencións de capital no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e de acordo cos requisitos que neles se establecen. O resto do importe librarase no momento da completa xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda e demais condicións esixidas nesta resolución.

#### Sección segunda

Programa 6. Axudas a entidades asociativas de emigrantes galegos no exterior para a mellora de dotacións e equipamentos

#### Artigo 7º.-Obxecto.

O obxecto deste programa é contribuír á mellora das dotacións e equipamentos das entidades de emigrantes galegos no exterior, mediante a concesión de axudas destinadas ao financiamento, en todo ou en parte, dos investimentos que estas realicen con destino a:

a) Dotación de mobiliario e equipamentos que contribúan a mellorar as condicións asistenciais, culturais, educativas, etc., en beneficio dos seus asociados galegos.

b) Adquisición de equipamentos tecnolóxicos que contribúan a mellorar as súas comunicacións con Galicia e entre as propias entidades, posibilitando un eficiente fluxo de información. Tamén se apoiará a axilización da xestión interna das entidades e a formación específica dos mozos para o coñecemento e emprego das novas tecnoloxías coa dotación de equipamentos informáticos.

c) Adquisición de instrumentos musicais e material necesario para mellorar o equipamento dos seus grupos de carácter cultural.

d) Adquisición de recursos lúdicos e material para ludotecas coa finalidade de contar cun espazo de xogo dentro das instalacións das entidades galegas, orientado ao desenvolvemento integral e positivo dos nenos e nenas fillos dos asociados.

#### Artigo 8º.-Finalidade das axudas.

A finalidade destas axudas é a seguinte:

1. Apoiar as entidades que teñan patrimonio propio e que desenvolvan actividades socio-asistenciais destinadas á poboación de maior idade e menos recursos. Estas axudas destinaranse, fundamentalmente, á adquisición de equipamentos tecnolóxicos de carácter sanitario.

2. Facer realmente efectivos os dereitos de información e comunicación que concede ás comunidades galegas a Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade:

-Mediante o apoio económico na adquisición de medios actualizados que melloren a comunicación das comunidades galegas entre estas e con Galicia.

-Coa axuda para a adquisición de equipamentos audiovisuais polas comunidades galegas que posibiliten actividades educativas e culturais aos seus asociados galegos. Inclúese especialmente neste punto a adquisición e instalación nos centros de sistemas de equipamentos de comunicación en liña e de videoconferencias así como de recepción vía satélite, antenas, etc., que permitan a transmisión aos seus asociados dos programas de radio e televisión españois destinados ou abertos ao exterior.

-Subvencionando a adquisición de equipamentos informáticos polas entidades galegas coa finalidade de modernizar a súa xestión interna, a conexión a Internet e a comunicación por correo electrónico, permitindo, así mesmo, o acceso a bases de datos que posibiliten o coñecemento en xeral, e o achegamento e difusión da realidade de Galicia en particular.

-Subvencionando os investimentos de carácter inmaterial e especificamente destinados á creación de páxinas web que permitan unha maior información e acceso aos servizos da entidade.

3. Apoiar as comunidades galegas que necesitan dotar as súas sedes de equipamentos, mobiliario, equipamentos tecnolóxicos, etc, ou aos seus grupos culturais de instrumentos musicais, vestiario ou material, para atender os seus propios fins mediante a realización de actividades asistenciais, educativas, culturais e sociais.

#### Artigo 9º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades que teñan recoñecida a galeguidade ou a súa condición de centro colaborador.

#### Artigo 10º.-Documentación.

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexo II desta resolución, e poderán ir acompañadas de follas adicionais para o desenvolvemento dos puntos que se consideren necesarios. Ademais, necesariamente deberá achegarse a seguinte documentación:

a) Memoria na que se fagan constar os motivos ou a necesidade dos equipamentos.

As solicitudes acompañaranse necesariamente do orzamento ou orzamentos correspondentes realizados polos provedores aos que se prevé adquirir os equipamentos obxecto de subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 12.000 euros deberanse achegar tres orzamentos de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado número dabondo de entidades que o subministren ou presten ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

Ademais, no suposto de que a elección entre as ofertas presentadas non recaia na proposta económica máis vantaxosa deberase achegar unha memoria que xustifique tal decisión.

b) Declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas, para as adquisicións para as que se solicita a axuda das distintas administracións públicas competentes, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

c) De solicitar o pagamento por transferencia, certificación da entidade bancaria na que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose achegada con anterioridade ou se producise algún cambio.

d) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, Cadastro, ...) sempre que non fose achegado con anterioridade.

#### Artigo 11º.-Criterios de valoración.

A Secretaría Xeral de Emigración avaliará as solicitudes presentadas en función dos seguintes criterios de valoración e gradación de acordo coa orde de prioridades que se indica:

1. Finalidade social da actuación programada e número previsto de beneficiarios directos en relación cos servizos socio-asistenciais, de integración da xuventude, culturais e asociativos que vén prestando a entidade.

2. Número de socios galegos da entidade solicitante e de compoñentes do grupo.

3. Actividades culturais desenvolvidas no últimos tres anos.

### Artigo 12º.-Xustificación e pagamento.

1. Os equipamentos subvencionados deberán ser adquiridos durante o ano 2006 e antes da data indicada no punto seguinte.

2. Previamente ao pagamento do importe da subvención concedida, as entidades beneficiarias de axudas deberán remitirle á Secretaría Xeral de Emigración, antes do 30 de novembro de 2006, a seguinte documentación xustificativa:

a) Certificación do secretario da entidade beneficiaria, co visto e prace do seu presidente, na que consten as adquisicións realizadas de equipamentos tecnolóxicos de carácter sanitario, de comunicación, de informática, de carácter inmaterial destinadas á creación de páxinas web, de moblaxe, etc. en execución do previsto na solicitude de subvención, así como o importe investido, na moeda do país en que estea situada a entidade, e a súa equivalencia en euros, se for o caso.

b) Factura ou facturas acreditativas dos gastos subvencionables e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estas facturas deberán presentarse ben en documento orixinal ou ben en fotocopia debidamente compulsada.

A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos esixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

Deberá achegar unha relación de todas as facturas, asinada polo secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, sinalando para cada unha delas a finalidade correspondente.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas -tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución- para a adquisición dos mesmos equipamentos, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3. Para as entidades radicadas en España, a presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2006. O resto de entidades galegas no exterior quedan exentas de achegar as devanditas certificacións, de conformidade co disposto no artigo 41.1º j) da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 250, do 30 de decembro).

4. Unha vez resolto o expediente, poderanse efectuar pagamentos parciais ou ben autorizarse anti-

cipos de pagamentos ata a contía máxima prevista no artigo 29.5º da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, e para subvencións de capital no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e de acordo cos requisitos que nestes se establecen. O resto do importe librarase no momento da completa xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda e demais condicións esixidas nesta resolución.

### Sección terceira

Programa 7. Axudas para o acondicionamento e dotación e/ou renovación de fondos das bibliotecas pertencentes ás entidades galegas no exterior

#### Artigo 13º.-Obxecto.

Este programa ten por obxecto o acondicionamento e mellora das instalacións das bibliotecas existentes nas entidades galegas no exterior así como a dotación e/ou renovación dos seus fondos bibliográficos e demais actuacións que contribúan a mellorar as condicións nas que se atopan na actualidade.

#### Artigo 14º.-Finalidade das axudas.

De acordo co obxecto do programa estas axudas están dirixidas a:

1. Realización das obras imprescindibles para a adecuación das dependencias que ocupen as bibliotecas.
2. Equipamento e adquisición de mobiliario.
3. Dotación e/ou renovación dos fondos bibliográficos existentes e informatización destes.
4. Adquisición de equipamentos informáticos para a administración dos fondos bibliográficos dos centros.
5. Creación de videotecas e cedotecas.

#### Artigo 15º.- Requisitos dos beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas as entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade ou a condición de centro colaborador que dispoñan de biblioteca que cumpra as seguintes condicións.

- a) A biblioteca deberá de estar aberta ao público en xeral.
- b) Contará no momento en que remate o prazo para a presentación de solicitudes con máis de 2.500 títulos fichados.
- c) Disporá de recursos humanos dabondo para a xestión das bibliotecas.

#### Artigo 16º.-Documentación.

As entidades interesadas en concorrer ás subvencións e axudas obxecto desta convocatoria deben de presentar a seguinte documentación:

- a) Solicitude segundo o modelo normalizado que figura como anexo III desta resolución, á que deberán

xuntarlle unha memoria explicativa do contido individualizado e do custo das accións para as que se solicita a subvención que favoreza unha mellor valoración da axuda.

As solicitudes de axuda acompañaranse necesariamente do orzamento ou orzamentos correspondentes realizados polos provedores aos que se prevé adquirir os equipamentos obxecto de subvención.

b) No caso sinalado no punto 1 do artigo 14º, deberán achegar proxecto ou memoria descritiva das obras que se van realizar, así como orzamento ou orzamentos detallados do custo das obras para as que se solicita a axuda, realizados pola empresa/as ás que se lles ten previsto encargar a realización das obras.

c) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo deberanse achegar tres orzamentos de diferentes provedores, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado número dabondo de entidades que o subministren ou presten ou salvo que o gasto se tivese realizado con anterioridade á solicitude da subvención.

Ademais, no suposto de que a elección entre as ofertas presentadas non recaía na proposta económica máis vantaxosa deberase achegar unha memoria que xustifique tal decisión.

d) Declaración do conxunto de todas as subvencións solicitadas ou concedidas, para a mesma acción para a que se solicita a axuda, das distintas administracións públicas competentes, ou, se é o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

e) Declaración xurada asinada polo presidente e secretario da entidade galega solicitante na que se faga constar que a biblioteca cumpre todos e cada un dos requisitos sinalados no artigo 15º: biblioteca aberta ao público, títulos fichados e recursos humanos dispoñibles.

f) De solicitar o pagamento por transferencia, certificación da entidade bancaria en que conste o número de conta e o titular, no caso de que non fose achegada con anterioridade ou se producise algún cambio.

g) Fotocopia do NIF da entidade, ou equivalente segundo o país (CUIT, RIF, Cadastro, ...), sempre que non fose achegado con anterioridade.

Artigo 17º.-Criterios de valoración.

A Secretaría Xeral de Emigración avaliará as solicitudes presentadas en función do grao de cumprimento polas entidades galegas solicitantes dos requisitos sinalados no artigo 15º desta resolución.

Artigo 18º.-Xustificación e pagamento.

1. A acción subvencionada deberá ser executada durante o ano 2006.

2. Previamente ao pagamento do importe da subvención concedida, as entidades beneficiarias de axudas deberán remitirle á Secretaría Xeral de Emigración, antes do remate do exercicio orzamentario, a seguinte documentación xustificativa:

a) Certificación do secretario da entidade beneficiaria, co visto e prace do seu presidente, na que conste a descrición das obras e/ou das adquisicións realizadas en execución do previsto na solicitude de subvención, así como o importe investido na moeda do país no que estea situada a entidade, e a súa equivalencia en euros, se é o caso.

b) Factura ou facturas acreditativas dos gastos subvencionables e realizados pola entidade en execución da actividade subvencionada demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa. Estas facturas deberán presentarse ben en documento orixinal ou ben en fotocopia debidamente cotexada.

A acreditación dos gastos tamén poderá efectuarse mediante facturas electrónicas, sempre que cumpran os requisitos exixidos para a súa aceptación no ámbito tributario.

Deberá achegar unha relación de todas as facturas, asinada polo secretario da entidade, co visto e prace do seu presidente, sinalando para cada unha delas a finalidade correspondente.

c) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas -tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución- para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

3. Para as entidades radicadas en España, a presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2006. O resto de entidades galegas no exterior quedan exentas de achegar as devanditas certificacións, de conformidade co disposto no artigo 41.1º j) da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 250, do 30 de decembro).

4. Unha vez resolto o expediente, poderanse efectuar pagamentos parciais ou ben autorizarse anticipos de pagamentos ata a contía máxima prevista no artigo 29.5º da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, e para subvencións de capital no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de

axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e de acordo cos requisitos que neles se establecen. O resto do importe librarase no momento da completa xustificación por parte dos beneficiarios do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a axuda e demais condicións esixidas nesta resolución.

## Capítulo II

Disposicións xerais: competencia e procedemento

Artigo 19º.-Órganos competentes.

1. A ordenación e instrución dos procedementos correspondentes aos programas de axudas establecidos nesta resolución corresponderá ao xefe de servizo de Tramitación de Axudas da subdirección xeral de Centros e Comunidades Galegas.

2. O órgano competente para resolver as solicitudes de axudas e subvencións presentadas ao abeiro desta resolución será o secretario xeral de Emigración.

Artigo 20º.-Solicitudes e prazo.

1. As solicitudes de axudas e subvencións dirixiránse ao órgano competente, en concreto á Secretaría Xeral de Emigración (rúa dos Basquiños, 2, 15704 Santiago de Compostela, A Coruña), e presentaranse por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2. O prazo de presentación de solicitudes será de 60 días naturais contados desde o día seguinte á data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 21º.-Procedemento de concesión da subvención.

1. O procedemento para a tramitación e concesión das axudas que se convocan pola presente resolución axustarase ao previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. As solicitudes someteranse a un réxime de concorrencia competitiva tal como recolle a devandita Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

2. Os expedientes serán avaliados por un órgano colexiado que formulará a correspondente proposta de concesión ao órgano concedente a través do órgano instrutor. O devandito órgano colexiado estará formado polo subdirector xeral de Centros e Comunidades Galegas, o xefe de Servizo de Promoción dos Centros e Comunidades Galegas e un funcionario desta subdirección xeral. O órgano colexiado avaliará as solicitudes segundo os criterios establecidos para cada programa de axudas.

Artigo 22º.-Resolución.

1. As resolucións serán ditadas polo órgano competente e notificadas aos interesados, debendo ser sempre motivadas. A Secretaría Xeral de Emigración publicará no *Diario Oficial de Galicia* as subvencións de contía superior a 3.000 euros concedidas a través desta convocatoria, indicando o programa e crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade para a que se outorgou a axuda. No suposto de subvencións de contía inferior á cantidade sinalada, a publicación na páxina web [www.galiciaaberta.com](http://www.galiciaaberta.com) asegurará a publicidade dos beneficiarios das axudas, de acordo coas súas especiais características, contía e número.

2. O prazo máximo para resolver será de seis meses, que comezarán a contar desde a data de publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditasen as resolucións expresas, poderán entenderse desestimadas as solicitudes, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación, no caso de resolucións expresas, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se entenda producido o acto presunto, no caso de resolucións desestimadas por silencio administrativo, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 23º.-Obrigas dos beneficiarios.

Con carácter xeral, os beneficiarios de axudas e subvencións correspondentes aos programas convocados pola presente resolución quedan obrigados a:

-Someterse aos requisitos legais e regulamentarios que recolla a normativa xeral de aplicación ás axudas e subvencións da Xunta de Galicia, en concreto as recollidas no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como ás actuacións de com-

probación que respecto da xestión de fondos pode efectuar o departamento concedente, ás de control financeiro que realice a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e aos procedementos fiscalizados do Consello de Contas e do Tribunal de Contas.

-Se por calquera motivo a actuación programada non se puidese realizar, deberase comunicar á Secretaría Xeral de Emigración, que poderá dispoñer do citado crédito para subvencionar proxectos inicialmente non atendidos ou aumentar a axuda doutros subvencionados parcialmente.

-As entidades beneficiarias de axudas ou subvencións recollidas nesta resolución quedarán obrigadas á difusión do cofinanciamento por parte da Secretaría Xeral de Emigración nos actos, documentación e publicacións que realicen, por calquera medio, con motivo da actuación subvencionada.

Artigo 24º.-Destino e ocupación dos inmobles rehabilitados. Prohibicións á facultade de dispoñer.

1. Os inmobles rehabilitados destinaranse á sede habitual e permanente da entidade galega beneficiaria durante un período mínimo de quince anos.

2. O incumprimento da obriga de destino antes do vencemento do prazo sinalado, que se producirá en todo caso coa enaxenación ou gravame do inmovible ou ben coa disolución da entidade galega beneficiaria da axuda, será causa de reintegro da subvención nos termos establecidos no capítulo II do título II da Lei 38/2003, xeral de subvencións, quedando o ben inmovible afecto ao pagamento do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral ou se xustifique a adquisición dos bens con boa fe e xusto título.

Non se considerará incumprida a obrigación de destino referida no punto anterior cando o cambio de destino, enaxenación ou gravame do ben, ou disolución da entidade, sexa autorizada pola Secretaría Xeral de Emigración, debendo comunicar a entidade beneficiaria con antelación calquera modificación prevista na finalidade ou na titularidade do inmovible subvencionado. Neste suposto, o adquirente asumirá a obrigación de destino dos bens polo período restante e, no caso de incumprimento desta, do reintegro da subvención.

Artigo 25º.-Modificación da resolución de concesión e revogación.

As entidades beneficiarias das axudas quedan obrigadas a comunicarlle á Secretaría Xeral de Emigración, no momento en que se produza, calquera alteración dos requisitos exixidos na convocatoria ou de circunstancias sobrevidas que impidan ou dificulten a realización de obras e/ou a adquisición dos equipamentos subvencionados, podendo a Secretaría Xeral adoptar a resolución de modificación da concesión ou de revogación que corresponda.

Procederá a revogación das axudas e subvencións, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de demora, nos

casos e nos termos previstos no artigo 78 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-A Secretaría Xeral de Emigración levará a cabo a función de control, avaliación e seguimento dos programas recollidos nesta resolución.

Para realizar as devanditas funcións poderán utilizarse cantos medios estean ao dispor da Secretaría Xeral de Emigración para comprobar os requisitos esixidos nesta resolución e demais normas vixentes que resulten de aplicación, para o cal as entidades ás que van dirixidos os programas regulados nesta resolución prestarán toda a colaboración que lles sexa requirida.

Segunda.-A Subdirección Xeral de Centros e Comunidades Galegas poderá recabar dos peticionarios as aclaracións, comprobacións ou documentación complementaria, orixinal ou copia compulsada, que se considere necesaria para acreditar mellor o exacto cumprimento das condicións exixidas para as diferentes axudas previstas nesta resolución.

Terceira.-As subvencións recollidas nos programas a que se refire esta resolución concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 04.50.213A.780.0.-Dotación e rehabilitación de centros. O crédito inicialmente destinado para estas finalidades é de 2.000.000 de € sen prexuízo das modificacións que legalmente poidan efectuarse ao longo do exercicio.

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con calquera outras que lle puidesen ser concedidas para a mesma finalidade. Non obstante, o importe da axuda en ningún caso poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da acción que levará a cabo o beneficiario.

Cuarta.-As entidades asociativas galegas que, antes da entrada en vigor desta resolución, teñan en tramitación un procedemento para o recoñecemento da galegitude, ao abeiro do Decreto 3/1987, do 8 de xaneiro, ou ben para o recoñecemento como centro colaborador desta Secretaría Xeral de Emigración, ao abeiro do Decreto 195/91, do 30 de maio, e reúnan os requisitos exixidos para o recoñecemento como centros colaboradores poderán solicitar as axudas establecidas nesta resolución.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o Secretario Xeral de Emigración para ditar as resolucións que tecnicamente sexan necesarias para o cumprimento desta resolución.

Segunda.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2006.

Manuel Luis Rodríguez González  
Secretario xeral de Emigración





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS DE EMIGRANTES GALEGOS NO EXTERIOR PARA A REHABILITACIÓN DE INSTALACIÓNS E PROMOCIÓN DE NOVOS PROXECTOS ANEXO I/006</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR924C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS		DNI OU NIF	
ENDEREZO PARTICULAR		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	CARGO NA ENTIDADE

**ENTIDADE QUE REPRESENTA**

NOME			NIF, CIF, RIF, CUIT ...	
ENDEREZO		LOCALIDADE/PROVINCIA		Nº TOTAL DE SOCIOS
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	Nº SOCIOS GALEGOS
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓNS			TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS	

**BREVE DESCRICIÓN DAS OBRAS PARA QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**

<hr/> <hr/> <hr/> <hr/>
-------------------------

IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA (EN EUROS)
--

**INSTALACIÓNS EN QUE SE VAN REALIZAR AS OBRAS**

INSTALACIÓNS <hr/> <hr/>
FORMA DE OCUPACIÓN <input type="checkbox"/> EN PROPIEDAD <input type="checkbox"/> EN ARRENDAMENTO      DATA FINAL ARRENDAMENTO ____ / ____ / ____ OUTRAS _____

**FORMA DE PAGAMENTO**

<input type="checkbox"/> CHEQUE <input type="checkbox"/> TRANSFERENCIA BANCARIA
ACHÉGASE CERTIFICACIÓN BANCARIA <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON (SE XA FOI ENVIADA CON ANTERIORIDADE)

<b>CUSTO DAS OBRAS PARA QUE SE SOLICITA SUBVENCIÓN</b>	
<b>CONCEPTO</b>	<b>IMPORTE (EN EUROS)</b>
A) CUSTO:	
1) _____	_____
2) _____	_____
3) _____	_____
TOTAL CUSTO ESTIMADO: .....	_____
B) FINANCIAMENTO:	
1) POR CONTA DA ENTIDADE: .....	_____
2) AXUDAS DOUTRAS INSTITUCIÓN OFICIAIS: .....	_____
3) OUTROS: .....	_____
4) AXUDA SOLICITADA Á SECRETARÍA: .....	_____
TOTAL FINANCIAMENTO PREVISTO (IGUAL AO CUSTO PREVISTO): .....	_____
<p><b>AS SOLICITUDES PARA A REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E PROMOCIÓN DE NOVOS PROXECTOS IRÁN ACOMPAÑADAS NECESARIAMENTE DE:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• PROXECTO OU MEMORIA DESCRIPTIVA DAS OBRAS PARA QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN.</li> <li>• ORZAMENTO DETALLADO DA OBRA.</li> <li>• TRES ORZAMENTOS DE DIFERENTES PROVEDORES CANDO O IMPORTE DO GASTO SUBVENCIONABLE SUPERE A CONTÍA DE 30.000 EUROS.</li> <li>• DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIÓN SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PARA A MESMA FINALIDADE.</li> <li>• FOTOCOPIA DO NIF, CIF, RIF, CUIT DA ENTIDADE (DE NON TELO XA ENVIADO).</li> <li>• CALQUERA OUTRA DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE SE CONSIDERE ADECUADA PARA UNHA MELLOR VALORACIÓN</li> </ul>	

**CERTIFICAMOS A VERACIDADE DE TODOS OS DATOS CONTIDOS NESTA SOLICITUDE E DECLARAMOS QUE A ENTIDADE SOLICITANTE SE ATOPA AO CORRENTE NAS SÚAS OBRIGAS TRIBUTARIAS COA COMUNIDADE AUTÓNOMA E ESTATAIS, SE É O CASO, ASÍ COMO COA SEGURIDADE SOCIAL. NON OBSTANTE, DE SER NECESARIO, AUTORIZÁSE A SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN PARA QUE SOLICITE E CONSIGA DOS ORGANISMOS CORRESPONDENTES A INFORMACIÓN NECESARIA AO RESPECTO.**

\_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_ DE 200\_\_

Vº E PRACE  
O/A PRESIDENTE/A
(SELO DA ENTIDADE)
O/A SECRETARIO/A DA ENTIDADE

ASDO.: \_\_\_\_\_ ASDO.: \_\_\_\_\_

(NOME E APELIDOS)
(NOME E APELIDOS)

Secretario xeral de Emigración



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA

*ANEXO II*

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS A ENTIDADES DE EMIGRANTES GALEGOS NO EXTERIOR PARA A MELLORA DE DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS ANEXO II/2006</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR924D</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS		DNI OU NIF	
ENDEREZO PARTICULAR		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAÍS	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO DE CONTACTO	CARGO NA ENTIDADE

**ENTIDADE QUE REPRESENTA**

NOME		NIF, CIF, RIF, CUIT ...	
ENDEREZO		LOCALIDADE/PROVINCIA	
PAÍS		CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE COMUNICACIÓNS		TELÉFONO PARA OS MESMOS EFECTOS	

**RELACIÓN DE EQUIPAMENTOS QUE SE PRETENDEN ADQUIRIR, PARA OS QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN**


IMPORTE DA SUBVENCIÓN QUE SE SOLICITA (EN EUROS)
--

**FORMA DE PAGAMENTO**

<input type="checkbox"/> CHEQUE
<input type="checkbox"/> TRANSFERENCIA BANCARIA
<i>ACHÉGASE CERTIFICACIÓN BANCARIA</i>
<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON (SE XA FOI ENVIADA CON ANTERIORIDADE)